

Buenos Aires, 29 de Febreiro de 1976

Sr. D. Ramón Piñeiro
Santiago de Compostela

Querido Ramón:

Recibín dúas cartas que agradezo moito, referidas a "Insectario", e a noticia que me remites da mostra dos grabados de ese álbum na galería Mestre Mateo de A Coruña. Efectivamente non tiña noticia desto, supoñía que a farían mais ninguén me dixo que a estaban facendo. Entereime polo recorte da Voz que me remitiche.

Sigo con atención as noticias que chegan de España, que están inquedaando a algunha xente de aquí, e tamén chegou algunha particular como a interrupción de un núcleo de estudantes en Santiago a Valenzuela, nunha conferencia sua, sin saber nos por qué ou sin sospeitalo. Das noticias de aquí non podo decirche nada. As que se publican son, en xeral, exactas, mais ben pálidas e poucas. A realidade e variedade delas é superior.

Eu traballo o que podo pechado no meu estudo, apenas vexo a ninguén e non saio casi nada á rua. Teño tres mostras neste ano e agardo poder facelas. Non teño a seguridade tal como están as cousas, mais eu traballo.

Lembrámonos moito de todos vos, os amigos de ahí. Voltaremos no 77, cecáis en Xaneiro. Unha grande e agarimosa aperta de Maruxa e miña para Isabel, Sara e pra tí: